



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Inclusión Social



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



Programa Operativo FSE Galicia 2014-2020. "REFORZO EDUCATIVO PARA FAMILIAS VULNERABLES"

O Programa de REFORZO EDUCATIVO PARA FAMILIAS VULNERABLES é un proxecto de apoio ás familias con estudantes de Primaria e ESO, e que participan no PROGRAMA DE EDUCACIÓN FAMILIAR deseñado polos Servizos Sociais Municipais do Concello de Ribeira. Prestar reforzo educativo ata 12 escolares do concello de Ribeira que non dispoñen de recursos para acceder a este tipo de servizos, impartindo 3 horas semanais de docencia a todos os participantes divididos en dous grupos de máximo 6 alumnos/as cada un, cunha duración de once meses, dende xaneiro ata novembro de 2020; e de sete dende decembro de 2020 ata xuño de 2021.

Os obxectivos principais deste proxecto son:

Desenvolver a motivación para a aprendizaxe en xeral e de contidos escolares en particular.

Aportar recursos e apoios para mellorar no desempeño de aprendizaxes escolares.

Adquirir competencias acordadas aos distintos niveis educativos.

Facilitar a conciliación.

Poboación destinataria:

Menores con risco de fracaso escolar pertencentes a familias vulnerables con intervención nos programas dos servizos sociais comunitarios, implicado aos pais e nais no desenvolvemento educativo dos seus fillos.

O Programa de REFORZO EDUCATIVO PARA FAMILIAS VULNERABLES desenvólvese a través dos seguintes tipos de accións complementarias e coordinadas:

Actividades:

Aplicando unha metodoloxía participativa, ligada ao entorno e lúdica, combinando clase maxistral con dinámicas activas e de grupo e uso de TICS para a aprendizaxe, se desenvolverán os seguintes tipos de actividades:

Actividades propostas dende o centro educativo: para as que se prestará apoio para a súa realización. Sesións de reforzo educativo personalizadas segundo as necesidades dos participantes.

Actividades lúdicas: participación en xogos que fomenten a adquisición e mellora das competencias precisas para o seu nivel educativo. Actividades a través de xogos tradicionais, de roles e de taboleiro.

Actividades na comunidade: actividades a través das que poder traballar conceptos expostos na aula. Saídas para aprender da contorna e uso de técnicas de investigación (observación, rexistro, clasificación,...)

Xunto cos contidos escolares tanto nas sesións formativas impartidas polo/a docente, como nas intervencións dos profesionais do departamento de servizos sociais, terase especial atención en promover durante todo o proxecto a *aplicación de xeito transversal de valores igualitarios e non discriminatorios* por razón de

sexo/xénero, co fin de reforzar unha educación baseada na non violencia e difundir unha cultura da igualdade a través da coeducación e fomento da responsabilidade.

2.-Coordinar o proxecto entre persoal de servizos sociais e docentes implicados no proxecto.

3.-Realizar sesións de orientación a nais/pais/titores/as cos profesionais de servizos sociais implicados no proxecto en función das necesidades detectadas.

4.-Establecer accións de coordinación con centros de ensino.

Para máis información sobre o proxecto, solicitar cita co Pedagogo, presencialmente ou por teléfono, no departamento de Servizos Sociais – Praza 8 de Marzo s/n. Teléfonos: 981377513 ou 981874131 (de 8h a 15h). Email: santipedagogo@ribeira.gal Este programa está cofinanciado polo Concello de Ribeira, o Fondo Social Europeo (FSE) 2014- 2020, enmarcándose no Programa Operativo do FSE Galicia 2014-2020 "O FSE inviste no teu futuro", e tamén pola Consellería de Política Social, a través das ordes de convocatoria anuais ou bianuais destinadas a programas de inclusión social a desenvolver polas corporacións locais.

Durante o "ESTADO DE ALARMA" O PROGRAMA NON ESTIVO ACTIVO ENTRE A TERCEIRA SEMANA DE MARZO E A ÚLTIMA DE XUÑO, REINICIÁNDOSE O 3 DE XULLO CON DÚAS SESIÓNS SEMANAIS OS MARTES E XOVES DE 1:30 HORAS POR GRUPO. AS CLASES E ACTIVIDADES IMPARTIRANSE NOS MESES DE XULLO, AGOSTO E PRIMERA QUINCENA DE SETEMBRO NAS AULAS DO C.I.M. no mesmo baixo do DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS na Praza 8 de marzo.

